

NOTA ACLARATIVA PARA CUBRIR A VALORACIÓN DA RENDA PERCÁPITA

Estimadas familias:

Facémovos chegar algunhas aclaracións, que agardamos sexan da vosa axuda, para calcular a renda e a renda per cápita.

Segundo o que se recolle na Orde do 12 de marzo de 2013, no Artigo 23 “Acreditación e valoración do criterio da renda anual per cápita da unidade familiar”,

1.- “Para a valoración deste criterio terase en conta a renda da unidade familiar que corresponda ao exercicio fiscal anterior en dous anos ao ano natural no que se presenta a solicitude”. **Tedes que ter en conta a RENDA DE 2013**

4.- “Para a valoración da renda da unidade familiar, as persoas interesadas deberán sinalar na solicitude a cantidade que resulte da suma da base imponible xeral (**casiña 366 da declaración de 2013**) e da base imponible do aforro na declaración conxunta (**casiña 374 da declaración de 2013**), ou se é o caso, a que resulte da suma das declaracións individuais dos membros da unidade familiar, dividida entre o número de membros computables desta.

Olo que no Anexo II aparecían as casiñas 455 e a 465, pero na renda de 2013 cambiaron as casiñas relativas á base imponible. Repetimos **tedes que sumar as casiñas 366 + 374 para calcular a RENDA e dividilas polo número de membros da unidade familiar, para calcular a RENDA PER CÁPITA**

8.- “A valoración da renda anual per cápita da unidade familiara realizarase con referencia ao indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM) correspondente ao exercicio fiscal ao que se refire ao punto 1 deste artigo, coa seguinte escala:

a) Se é inferior a 0,5 veces o IPREM: 3 puntos

b) Se é igual ou superior a 0,5 e inferior a 0,75 veces o IPREM: 2 puntos

c) Se é igual ou superior a 0,75 veces e inferior ao IPREM: 1 punto

d) Se é igual ou superior ao IPREM: 0 puntos”

O IPREM do ano 2013: se tivestes 12 pagas = **6.390,13 €**

se tivestes 14 pagas = **7.455,14 €**

TÁBOA COAS DISTINTAS PUNTUACIÓNS, SEGUNDO AS RENDAS PER CÁPITAS

		12 pagas	14 pagas	puntuación
a	Renda per cápita	< 3.195,065 €	< 3.727,57 €	3 puntos
b	Renda per cápita	3.195,065 € ata < 4.792,5975 €	3.727,57 € ata <5.591,355 €	2 puntos
c	Renda per cápita	4.792,5975 € ata < 6.390,13 €	5.591,355 € ata < 7.455,14 €	1 punto
d	Renda per cápita	6.390,13 € ou superior	7.455,14 € ou superior	0 punto